

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.3. Réxime e goberno interior

#### 2.3.1. Normas de réxime e goberno interior

#### **Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 19 de abril de 2022, polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias**

Tendo en conta a situación sanitaria derivada da pandemia da covid-19, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 19 de abril de 2022 e co acordo favorable da Xunta de Portavoces desa mesma data, ao abeiro do disposto no artigo 84.7 do Regulamento do Parlamento (DOG núm. 204, do 8 de outubro de 2020), adopta o seguinte acordo:

1º. Habilitar por un mes, que contará desde o día seguinte á publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias por quen non puider asistir de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.

2º. A petición, asinada por quen solicite a delegación ou participación telemática, deberá dirixirse á Mesa do Parlamento de Galicia e presentarse telematicamente no Rexistro da Cámara.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

#### 2.3.3. Estatuto dos deputados

##### 2.3.3.1. Declaracións de bens e dereitos e de actividades

#### **Resolución da Presidencia, do 12 de abril de 2022, pola que se toma coñecemento da declaración, por cesamento na condición de deputado, de bens e dereitos de D. Juan Carlos Francisco Rivera (doc. núm. 33575)**

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 33575, a declaración, por cesamento na condición de deputado, de bens e dereitos de D. Juan Carlos Francisco Rivera.

En uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5, do 20 de agosto de 2020), resolve:

